

# MANUAL DO USUARIO



Autores: Jorge Guerrica-Echevarría Sancho e Silvia Rodríguez Dorribo

*Licenza curso 17/18*

*Modalidade 2*

## 1. Visionado se o descargas do repositorio abalar

Se o descargas do repositorio abalar estarás descargando un eXe Learning que é unha carpeta zip con numerosos ficheiros. Unha vez descomprimido nunha carpeta (normalmente o sistema operativo xa é capaz de facer esta descompresión) Para visionar o paquete abre o ficheiro “index.html” e abrirás a seguinte páxina:



Para ir dun vídeo a outro pódese premer nos botóns de anterior e seguinte que están no lado superior esquerdo da páxina ou na parte inferior esquerda. Outra maneira pode ser despregando o menú que hai no lado esquerdo onde hai catro bloques onde están agrupados unha serie de vídeos relacionados co tema. Sinalar tamén que debaixo de cada vídeo podemos despregar o botón de autorías e licenzas.

The screenshot shows a web interface for 'Curro e Pancha coa natureza'. At the top, there's a header with the site name and navigation links like 'Menú', 'Anterior', and 'Seguinte'. Below the header, a sidebar menu on the left lists various topics under 'CURRO E PANCHA COA NATUREZA'. The main content area displays a video titled '1 A célula' with a cartoon illustration of a cell and two puppets. A red arrow points to the 'A célula' item in the sidebar menu. At the bottom, a black bar contains the text 'Autorías e licenzas', which is circled in red.

Curro e Pancha coa natureza

CURRO E PANCHA COA NATUREZA

I. O SER HUMANO E A SAÚDE

II. OS SERES VIVOS

**A célula**

Seres unicelulares e pluricelulares

Os reinos dos seres vivos

Animais vertebrados

Animais invertebrados

As plantas

A nutrición das plantas

A reprodución das plantas

Os ecosistemas

Tipos de ecosistemas

III. MATERIA E ENERXÍA

IV. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

1 A célula

Soamente 1 célula

Autorías e licenzas

## 2. Visionado dos vídeos en liña

Sabendo que na actualidade o consumo de contidos realizase sempre en liña decidimos subir os vídeos a youtube, empresa pertencente a Google e cunha perspectiva de durabilidade máis que acreditada.

Para poder ver os vídeos é necesario un dispositivo no que podas reproducir vídeos e un navegador web (Firefox, Chrome, Safari, Chromium, Opera, Explorer, Icceweasel, ...).

Podes velos dende [youtube.com](https://www.youtube.com) buscado a canle de “Curro e Pancha” onde aparecen ordenados por listas de reprodución co mesmo criterio que o material descargable.

A maiores creamos unha páxina web "[curroepancha.eu](http://curroepancha.eu)" para facer máis accesible ao alumnado e profesorado estes vídeos, xa que é moito máis doado de lembrar un enderezo que a busca por distintos servidores.